

Un libro de Antonio García Teijeiro adoita ser un lugar privilexiado para nos deleitar co sabor da boa literatura, esa que emociona e deixa un pouso de ensoñación no noso pensamento, onde mesmo despois da lectura as palabras seguen fluíndo e lembrándonos o intre vivido. E isto é o que tamén acontece con *Verbas de sal*, unha historia en ton decadente e romántico que recrea a vida en Vilamollada, unha vila pequena con todas as cousas que se atopan decote nas vilas, un lugar normal que conta entre os seus habitantes con don Evaristo, un tolo de aspecto bohemio que lle escribe versos ao mar, e Xulietta, unha rapaza que an-

Pouso de ensoñación

Unha proposta poética

PAULA FERNÁNDEZ

te todo se atopa soa. Ambos os dous conseguirán amosar o triunfo da amizade por riba de prexuízos cando hai verdadeira vontade de querer os demais.

Unha narración cargada de poesía, como tantas veces en Teijeiro, non só polo feito de o vello escribir poemas para o mar senón tamén polo simbólico do



feito e pola beleza da prosa. Música clásica voando e enchendo cuartos de emoción ou un sol comprensivo que fai gozar coas súas

raioas son pequenos exemplos da fermosura das imaxes que o autor regala na súa narración. Esta prosa poética, á beira dunha historia interesante que xoga co misterioso e o máxico, é quen de enganar os lectores, quen seguirán con agrado o desenvolvemento saboreando tamén a sinxeleza das liñas das ilustracións de Alberto Vázquez, que dan forma plástica a Vilamollada e os seus habi-

tantes.
GARCÍA TEJEIRO, A.,
(*Ilustr. Alberto Vázquez*), *Verbas de sal*, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP 12,85 €